

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO – A GUARDA

TITULO I: DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

ARTIGO 1º.- Denominación e carácter xurídico

1.1.- A entidade denomínase Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP).

O GALP é unha entidade sen fins de lucro, que se rexerá polo disposto na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto á súa condición de entidade colaboradora, e pola demais lexislación vixente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, polos presentes estatutos, o Regulamento de Réxime Interno cando se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

1.2.- O GALP, unha vez constituído e inscrito no seu rexistro correspondente, dispón de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

TITULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

ARTIGO 2º.- Domicilio social

O GALP fixa o seu domicilio social en Beiramar, 49, piso 3, oficina 5, Vigo (Pontevedra).
Poderán ser creados locais sociais noutras localidades pertencentes ao ámbito de actuación da do GALP mediante acordo da Asemblea Xeral.

ARTIGO 3º.- Ámbito territorial e duración

3.1.- O GALP terá como ámbito de actuación o correspondente á zona costeira da Ría de Vigo- A Guarda, que abarca os seguintes concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

3.2.- A duración será indefinida e subsistirá mentres perdure a necesidade de cumprimento dos seus fins.

TITULO III. OBXECTO SOCIAL E ACTIVIDADES

ARTIGO 4.- Obxectivos

O GALP ten como obxecto social colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona para alcanzar os seguintes obxectivos:



- a. A dinamización local, incluíndo a creación de emprego, a diversificación da economía local e a mellora do benestar social.
- b. Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.
- c. Elaborar e aplicar estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da zona pesqueira local.
- d. Seleccionar operacións no marco dunha EDLP para as medidas contempladas no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (en diante FEMP)) e no Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (en adiante FEMPA) no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.
- e. Xerar capacidade nos axentes locais para desenvolver e levar á práctica ás operacións para a implementación da EDLP, e tamén fomentando a súa capacidade para xestionar proxectos.
- f. Reforzar o papel da muller, promovendo medidas que favorezan a integración da igualdade de xénero, e a non discriminación.
- g. Promover o desenvolvemento sostible poñendo en valor o patrimonio ambiental co fin de realizar unha utilización eficiente dos recursos naturais, así como promover a recuperación do patrimonio cultural e medio ambiental mediante a súa explotación sostible.
- h. Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca.
- i. Promover a cooperación interterritorial e transnacional con outras asociacións ou organizacións que leven a cabo estratexias de desenvolvemento local.
- j. Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras conforme ao establecido no Capítulo III do Título V do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que establece entre outros as disposicións comúns relativas ao FEMPA e no Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021.

ARTIGO 5.- Actividades

Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GALP, deberán:

a) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en todo tipo de iniciativas locais, comarcais, autonómicas, estatais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socio económico da zona, defender a dignidade, calidade e estabilidade de emprego no sector produtivo, ou no emprego creado como resultado da diversificación do sector, facilitando o emprego múltiple para pescadores polo medio da creación de traballos adicionais fóra do sector pesqueiro, e influír e facer respectar a voz do sector nos factores que as fomenten.

b) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á procura de valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

c) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e homes, ademais de desenvolver e aplicar tanto

o coñecemento relativo ás relacións de igualdade de oportunidades humano-sociais como aos servizos destinados a satisfacer as necesidades e aspiracións das mulleres tendo en conta a promoción da igualdade de oportunidades.

d) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres, mozos/as e colectivos desfavorecidos vinculado ao citado sector.

e) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas pesqueiras co fin de manter o seu valor ambiental, a explotación dos recursos dun xeito sostible, e o seu atractivo; rexenerar e desenvolver os pobos costeiros de pescadores, así como participar nas actuacións de restablecemento do potencial produtivo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola danado como consecuencia de posibles desastres naturais impactos ambientais derivados dos asentamentos e das actividades humanas.

5.2.- Para alcanzar os devanditos obxectivos, o GALP poderá desenvolver as actividades seguintes:

- a. Accións de sensibilización do tecido socioeconómico das zonas pesqueiras.
- b. Diseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos á problemática do desenvolvemento integral da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material de carácter especializado, didáctico ou meramente divulgativo.
- c. Promover actividades formativas de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento zona, en particular, tendo como principais destinatarios ao sector pesqueiro, ás mulleres, mozos e mozas e colectivos desfavorecidos.
 - a. Traballar en rede co resto dos grupos de acción local.
 - b. Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta con entidades análogas.
 - c. Realizar as actividades de colaboración na xestión de axudas como entidades colaboradoras.
 - d. Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores.

TITULO IV: DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS ASOCIADOS

ARTIGO 6º.- Da adquisición de condición de asociado

6.1. O GALP estará integrado por un conxunto equilibrado e representativo das entidades dos diferentes sectores: pesqueiro, social, económico e público, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte do GALP as persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro. Rexerá o principio de portas abertas de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída o GALP deberá o ingreso mediante un escrito dirixido á Presidencia no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe achegar ademais, un acordo do



órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

6.2.- Cando unha entidade solicite a entrada no GALP, una vez constituída esta, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación. Se un candidato a ser asociado non ten o seu domicilio social no ámbito de actuación do GALP, deberá demostrar, a través dunha memoria, que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo, ademais de acreditar un ano de actividade no ámbito territorial do GALP. Documentación necesaria que se achegará coa solicitude:

- Copia dos estatutos debidamente rexistrados
- Composición da Xunta Directiva.
- Copia do CIF.
- Memoria de actividades onde figure o número de socios que integran a asociación.
- Representante e suplente no GALP.

6.3.- A entidade dirixirá unha solicitude á presidencia do GALP e este a trasladará á Xunta Directiva, que deberá resolver na primeira reunión que se celebre adscribindo a unha das mesas sectoriais segundo o seu interese preferente.

6.4.- A decisión da Xunta Directiva de inclusión dun novo socio, deberá ser ratificada na primeira xuntanza da Asemblea Xeral que se celebre.

6.5.- En caso de non admisión pola Xunta Directiva, o/a solicitante pode recorrer ante a próxima Asemblea Xeral. Neste suposto, devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

ARTIGO 7º.- Perda da condición de asociado

7.1.- Perderase a condición de entidade asociada ao GALP:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, o que deberá solicitar por escrito.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, debido ao incumprimento das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito pola Xunta Directiva e contra o mesmo, caberá recurso perante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- c) Por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de asociado.
- d) Por extinción da persoa xurídica.

7.2.- O acordo de expulsión, adoptado pola Xunta Directiva previa audiencia do asociado, notificaráselle por escrito e contra o mesmo caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre. De ratificarse o acordo de expulsión pola Asemblea Xeral, a persoa interesada poderá recorrer ante a xurisdición ordinaria.

7.3.- A baixa por calquera motivo do GALP, non exime ao asociado de satisfacer as e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.



ARTIGO 8º.- Dos dereitos dos asociados

As entidades asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- b) Participar con voz e voto nas mesas sectoriais.
- c) Elixir, e ser elixidos, como representantes ou cargos, da súa mesa sectorial, e da Xunta Directiva.
- d) Solicitar, e obter, información sobre calquera aspecto da marcha do GALP que poida ser de interese para o mesmo.
- e) Participar nas actividades do GALP. Para isto cómpre estar ao corrente no pagamento das cotas esatablecidas e non ter débedas pendentes co GALP.
- f) Os demais que resulten das normas legais e dos Estatutos do GALP, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

ARTIGO 9º.- Das obrigas dos asociados.

As entidades asociadas teñen as seguintes obrigas:

- a) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados nas Asembleas Xerais e outros órganos de goberno
- b) Ocupar os catgos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos devanditos cargos.
- c) Desembolsar as cotas de entrada e periódicas que acorde o órgano competente
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, a súa mesa sectorial ou as Comisións que puideran crearse
- e) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais
- f) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teña interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consaguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- g) Fomentar os obxectivos que promove o GALP

TITULO V: ÓRGANOS DE GOBERNO DO GALP

ARTIGO 10º.- Dos órganos de consulta e de goberno.

O GALP de ampla base democrática, rexerase polo sistema de autogoberno e polo principio de representación, a través dos órganos de consulta e de goberno seguintes:

- a) Mesas sectoriais, órganos de consulta que serán a base de participación e difusión da información para as entidades que operen no territorio
- b) Asemblea Xeral, órgano supremo de goberno
- c) Xunta Directiva, órgano de goberno



Este GALP réxese polo principio de portas abertas polo que se garante que ao longo de todo o período de execución da estratexia, de todas aquelas entidades con implantación local que, reunindo todos os requisitos exixidos para adquirir a condición de asociados, soliciten a súa incorporación.

Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións. Por outra parte, garátese que se evitarán calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP, se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. A estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI.

ARTIGO 11^o. - Representatividade do sector produtivo.

Para o órgano de goberno executivo Xunta Directiva deberá cumprirse sempre que ningún sector (produtivo, institucional, económico ou social) con dereito a voz e voto, represente máis do 49% dos votos totais.

ARTIGO 12^o. - Das mesas sectoriais.

As entidades asociadas ao GALP terán unha das súas canles de participación a través das distintas mesas sectoriais que constituirán a base de participación e difusión da información das entidades que operan no territorio.

12.1 As Mesas Sectoriais teñen como finalidade dinamizar sectorialmente aos actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativa das actividades do GALP

12.2 As entidades asociadas ao GALP estrutúranse nas mesas organizadas en torno ós ámbitos seguintes:

- Mesa de organizacións profesionais do sector produtivo: integrada por todas as organizacións profesionais que teñan actividade pesqueira, marisqueira, acuícola ou calquera outra relacionada, no territorio, aínda que a súa sede radique fóra do territorio do GALP, que previa solicitude e de acordo co establecido no art.6 sexan admitidas

- Mesa do sector público: integrada polas distintas administracións públicas e entidades públicas e outras de dereito público implicadas no desenvolvemento do territorio

- Mesa de desenvolvemento económico: integrada por todas as asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas, e que teñan como obxectivo a activación dos recursos económicos do territorio. Entrarían neste apartado as asociacións de empresarios, asociacións profesionais e sindicatos, agás as relacionadas co sector pesqueiro e marisqueiro.



- Mesa do sector social: integrada por todas as asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas, e que teñan como obxectivo difundir a cultura e/ou impulsar accións sociais neste ámbito de actuación. Entrarían neste apartado as asociacións de mulleres, veciñais, xuvenís, culturais, recreativas, deportivas, sociais, asistenciais ou análogas, así como as entidades e organizacións sociais, asociacións ecoloxistas, ou análogas que contén coa defensa do medio ambiente entre os seus obxectivos.

Cada entidade asociada pertencente ao GALP necesariamente deberá adherirse a algunha destas mesas. Poderán participar asociacións de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal e xustifiquen a súa actividade no territorio do GALP.

12.3.- As mesas sectoriais teñen por función elaborar informes sobre as inxerencias, opinións e propostas dos colectivos presentes nelas, facer consultas ou propostas daqueles temas que vaian ser sometidos aos órganos de goberno do GALP, Asemblea Xeral ou Xunta Directiva; asesorando á Xunta Directiva sobre a problemática do sector ó que representan e sobre as actuacións de mellora, proxectos e iniciativas que se podan enunciar, e servirán de canle informativo das actividades do GALP.

De cada unha das sesións da mesa sectorial con acordos que vaian ser sometidos a decisión da Asemblea Xeral elevarase unha acta na que se establecerán sucintamente os acordos adoptados, a que quedará baixo a custodia da Secretaría da correspondente mesa sectorial e a disposición de calquera asociado ou órgano da asociación. Será obrigatorio que se deposite unha copia de cada acta da Mesa na sede da Asociación para que estea a disposición da Presidencia e da Secretaría do GALP para informar aos membros da Xunta Directiva.

12.4.- As Mesas Sectoriais reuniranse como mínimo unha vez ao ano, antes da Asemblea Xeral, ou tantas veces como estime a Presidencia da Mesa ou cando o soliciten as dúas terceiras partes dos adscritos a esa Mesa.

Cada Mesa terá como mínimo un representante que ocupará a Presidencia, e si o número de entidades que constitúen a mesa o permite, contará con Secretaría e as Vogalías que se estipulen nos Estatutos ou no Regulamento de Réxime Interno.

Os representantes das Mesas serán elixidos por maioría simple e renovados ao mesmo tempo que a Xunta Directiva.

Todos os cargos serán elixidos de forma institucional, é dicir, o cargo recaerá sempre sobre a persoa que represente á entidade interesada.

Se se producise unha vacante dos cargos nunha mesa institucional, esta cubriríase na primeira xuntanza da mesma. Se a vacante cuberta fora a dalgún membro da Xunta Directiva, o representante elixido será membro de pleno dereito unha vez refrendado na vindeira Asemblea Xeral.



Se ademais, o novo representante elixido ven a substituír á persoa que ocupa a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría ou Tesourería, a Xunta Directiva, na súa primeira xuntanza, deberá ratificalo no seu cargo, ou elixir a un novo representante para cubrilo.

ARTIGO 13º.- Da Asemblea Xeral.

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do GALP e estará integrada por todas as persoas representantes das entidades enumeradas no artigo 6.1 que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.

2. Todos os membros efectivos teñen dereito a voz e voto.

3. Elixirá aos membros da Xunta Directiva por un período de catro anos, que poderá prorrogarse, e ratificará aos cargos directivos.

O feito de que o Grupo sexa un instrumento do FEMP e FEMPA implicará que a Presidencia do GALP haberá de recaer nalgún membro da mesa do sector produtor pesqueiro, elixido entre os representantes das organizacións profesionais do sector produtivo e ratificado pola Asemblea Xeral.

4. As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirase unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.

6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirase tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GALP.

7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirase a Asemblea Xeral cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un mínimo de entidades asociadas non inferior ao 10%, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria. Recibida esta petición pola Presidencia, e dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral.

8. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representadas, a maioría absoluta das entidades asociadas. En segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora, o quórum será cos asociados presentes.

9. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da reunión da Asemblea Xeral haberán de mediar polo menos 15 días naturais.

10. A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito, correo electrónico, fax ou por correo postal, a cada unha das persoas representantes das entidades sociais, con expresión detallada da correspondente orde do día.

11. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nun representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 12 dos presentes Estatutos, cada socio só poderá asumir unha delegación de voto.

13.1. Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

a) Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos anualmente, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo derramas extraordinarias.



- b) Censurar a xestión da Xunta Directiva, ou dos seus compoñentes.
- c) Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago.
- d) Aprobación do informe de xestión, plan de actividades e regulamento interno.
- e) A admisión de novas entidades asociadas ao GALP.
- f) A aprobación da creación ou fusión das mesas sectoriais, sempre que correspondan a un mesmo sector, definidos no art 6.1.
- g) Aprobación dos gastos derivados das funcións dos membros da Xunta Directiva.

13.2. Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- b) A elección ou cese da Xunta Directiva e a ratificación dos cargos.
- c) A disposición ou alleamento dos bens do GALP.
- d) A constitución dunha federación ou a integración nela, se xa existise.
- e) A modificación dos presentes estatutos.
- f) A disolución do GALP, designando aos liquidadores.
- g) Toda as non conferidas expresamente a Asemblea xeral Ordinaria ou as que sendo competencia da mesma, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.

ARTIGO 14º.- Dos acordos da Asemblea Xeral

14.1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple. A Presidencia do GALP ostenta voto de calidade en caso de empate.

14.2. O nomeamento das persoas que ostenten o cargo de vogais da Xunta Directiva realizarase a través dos sectores establecidos no artigo 12. Os vogais de cada sector só poderán ser elixidos polas persoas representantes do respectivo sector na Mesa Sectorial.

14.3. Requiren o voto dos dous terzos dos membros da Asemblea Xeral os acordos referidos aos artigos 13.1 na letra g), 13.2 nas letras a), b), d), e) e de maioría simple o resto dos acordos.

14.4. Ningún grupo de interese único poderá controlar a toma de decisións.

ARTIGO 15º.- Da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva asume a dirección da entidade por delegación da Asemblea Xeral. Os seus membros serán propostos polas mesas sectoriais, segundo a representación que lle corresponda, e elixidos pola Asemblea Xeral. Estará integrada polos seguintes cargos:

1. PRESIDENCIA
2. VICEPRESIDENCIA
3. SECRETARÍA
4. TESOUREIRÍA
5. 11 VOGALÍAS

a) A Xunta Directiva elixirá entre os seus membros aqueles que ostenten os cargos da Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería que deberán ser propostos á Asemblea Xeral para a súa aprobación, se procede, na seguinte xuntanza.



De non ser ratificados pola Asemblea a Xunta Directiva terá que realizar unha nova proposta, tras a consulta da Asemblea Xeral.

b)Os cargos exércense a título persoal (non poden ser delegados).

c)A cota de representación de cada unha das mesas sectoriais na Xunta Directiva é a que se indica a continuación:

Compoñentes	Xunta Directiva
Representantes Institucionais	
Mesa do sector público Concellos e outras entidades de carácter público	4
Representantes económicos e sociais	
Mesa de desenvolvemento económico	2
Mesa do sector social	2
Mesa de sector produtivo	7

Co ánimo de manter o criterio de que o GALP sexa un instrumento do FEMPA, ningún sector (organizacións produtivas, públicas, sociais, desenvolvemento económico) poderán representar mais do 49 % dos membros dos órganos de goberno executivos e a Presidencia do GALP haberá de recaer nalgún membro do sector produtor pesqueiro, proposto polos representantes do sector e ratificado pola Asemblea Xeral.

d)No caso de que algunha mesa non se constituía ou ben os seus representantes non desexen formar parte da Xunta Directiva, reaxustarase o número de representantes na Xunta Directiva, en cumprimento do artigo 11.

e)Os membros da Xunta Directiva proporán entre eles aos cargos da mesma mediante acordo adoptado, por maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda votación, os cargos serán persoais e cun mandato de 4 anos, esta proposta será elevada á Asemblea Xeral para a súa ratificación.

f)Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos. Non se remunerará nin se compensará gasto algún pola asistencia a mesas sectoriais, xuntas directivas ou Asembleas. Só excepcionalmente, poderanse compensar ás asociacións algúns gastos de locomoción por asistencia a Xuntas Directivas, sempre e cando as disponibilidades financeiras o permitan. Dita excepcionalidade deberá acordarse por maioría cualificada da Asemblea. En ningún caso se poderá xeneralizar a compensación de gastos de locomoción a todos os membros da mesma.

g)Poderase crear a figura dun Xerente que se vinculará co GALP a traveso dun contrato laboral.

O Xerente será seleccionado segundo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante convocatoria pública. O proceso de selección será aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. O seu labor consistirá en dinamizar o territorio e impulsar o funcionamento do GALP dentro dos contidos dos acordos adoptados no ámbito das súas competencias.

O exercicio dos cargos de Secretaria e Tesourería poderase complementar coa designación de persoal cualificado por parte da Xunta Directiva, creándose así unha estrutura técnica que asesore en tales materias a cada un deles.



h)A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine a Presidencia ou en ausencia deste a Vicepresidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida pola persoa que ostente a Presidencia, na súa ausencia pola Vicepresidencia ou Secretaria.

i)Para a válida constitución da Xunta Directiva, deberán estar presentes, alomenos dous dos seguintes cargos: Presidencia, Secretaria, Vicepresidencia ou Tesourería.

j)Para que os acordos da Xunta sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes.

k)A persoa que represente a Secretaría, ou no seu defecto, a Vicepresidencia, levantará acta das sesións, que se transcribirán ao libro de actas.

ARTIGO 16º.- Das funcións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación do GALP.

16.1.- Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- Propoñer a composición de cargos da Xunta Directiva a Asemblea Xeral para a súa aprobación ou rexeitamento.
- Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
- Promover a administración do GALP de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
- Propor á Asemblea Xeral o nomeamento de socios de honor, así como a admisión, suspensión, expulsión ou baixa dos membros do GALP con suxeición ao previsto nos Estatutos.
- Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- Estudo, informe e proposta anual á Asemblea Xeral de:
 - a. Informe económico-financeiro anual: conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade.
 - b. Orzamento anual de gastos e ingresos previstos.
 - c. Memoria e programación anual de actividades.
- Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das mesas sectoriais, designando comisións de estudo e traballo, se fóra preciso.
- Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP.
- A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014. , e do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento e Consello do 24 de Xuño de 2021 e Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de Xullo de 2021, programa 2021-2027.



- A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GALP. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GALP ou Vogal en quen delegue.
- En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.

16.2.- Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse no equipo técnico e de xestión do propio GALP ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.

ARTIGO 17º.- Das reunións da Xunta Directiva.

17.1.- A Xunta Directiva reunirase, con carácter ordinario, seis veces ao ano e, con extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos a tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia dos mesmos, agás por causa xustificada.

As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias cunha antelación de 78 horas, e as extraordinarias cunha antelación de 24 horas polo procedemento máis axeitado.

Poderán asistir as sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes no debate e deberán absterse nas votacións . Por outra parte, garántese que se evitarán calquera conflito de intereses, de maneira que nas tomas de decisións dos órganos do GALP, se deberán asinar as correspondentes declaracións de ausencia de interese (DACI), que quedarán perfectamente documentadas e formarán parte do expediente.

Por outra banda, terase especial coidado no cumprimento da obriga establecida no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia relativa á prohibición de concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario. A estes efectos, este extremo tamén se recollerá na DACI

17.2.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar por escrito:

- noutros membros da Xunta Directiva
- noutro membro dun órgano de goberno da súa propia entidade
- noutro membro da mesa sectorial

A delegación do voto nun membro da Directiva, non implica a delegación de cargo na mesma. No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto, tendo a Presidencia o voto calidade. Os acordos adoptaranse por maioría.

No caso de ausencia temporal, xustificada e expresamente comunicada, os cargos serán provisionalmente substituídos nas súas funcións entre os vogais membros da Xunta Directiva, con excepción da sinatura representativa.

17.3.- O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será a maioría simple, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

ARTIGO 18º.- Da Presidencia.

A Presidencia, que será un representante do sector produtor pesqueiro, asume a representación legal da entidade a todos os efectos, tanto en xuízo como fóra del. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:

- a) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.
- b) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo co voto de calidade en caso de empate.
- c) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando de xeito mancomunado, xunto co Tesoureiro, os talóns, recibos e outros documentos análogos.
- d) Autorizar coa súa sinatura cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade, así como visar os documentos autorizados pola Secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- e) Representar ao GALP perante calquera organismo público ou privado. Por desempeñar esta actividade, non percibirá remuneración algunha, aínda que terá dereito a percibir as axudas de custe correspondentes.
- f) Asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo da Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
- g) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- h) Subscribir contratos e convenios a nome do GALP, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións perante a vía gubernativa e perante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar doazóns, legados e herdanzas, exercer accións e opoñer excepción.
- i) Propor o plan de actividades do GALP á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- j) Exercer a xefatura do cadro do persoal da entidade.

ARTIGO 19º.- Da Vicepresidencia.

A persoa que ostente o cargo correspondente coa Vicepresidencia substituirá á Presidencia no caso de ausencia ou enfermidade, e desempeñará aquelas funcións que nel delegue a persoa que ocupe a Presidencia

ARTIGO 20º.- Da Secretaría.

Á Secretaría correspóndelle o exercicio das funcións propias do seu cargo así como:

- a) Actuar como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros e documentos, agás os de contabilidade, carimbos, ficheiro da entidade.



- c)Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade sen prexuízo das tarefas de impulso que lle poidan corresponder á figura do xerente.
- d)Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e expedir certificacións dos mesmos co visto bo e prace da Presidencia
- e)Levar a correspondencia ordinaria
- f)Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión da Presidencia
- g)Cotexar a documentación que lle poida ser entregada ao GALP.
- h)Redactar a memoria social anual da entidade.

En caso de ausencia ou enfermidade da persoa que ostente o cargo correspondente coa secretaría, poderá substituírse por outra pertencente á Xunta Directiva, e desempeñará aquelas funcións que nela delegue quen ocupe a Secretaría.

ARTIGO 21º.- Da Tesourería.

Á Tesourería corresponderalle:

- a)Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do xeito que determine a Xunta Directiva.
- b)Efectuar os pagamentos ordenados pola Presidencia.
- c)Velar pola boa orde económica da entidade, así como polos axeitados investimentos orzamentarios, en orde aos obxectivos e fins do GALP.
- d)Dirixir e ordenar a contabilidade, levando e custodiando os libros contables esixidos pola normativa vixente.
- e)Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.

ARTIGO 22º.- Dos Vogais.

Os Vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daquelas outras que procedan e que concretamente a cada un deles, lle sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

TITULO VI: RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 23º.- Do patrimonio inicial

- 23.1 .- No momento da súa constitución, o GALP carece de patrimonio inicial.
- 23.2.- O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. No primeiro trimestre de cada ano, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano.

ARTIGO 24º.- Dos recursos económicos e dispoñibilidade.

- 24.1.- O GALP poderá ter patrimonio propio e nutrirase dos seguintes recursos económicos:
 - a)Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse pola Asemblea Xeral.
 - b)Das doazóns e legados.
 - c)Das subvencións que poidan serlle concedidas por calquera institución pública ou privada, local, autonómica, estatal, comunitaria ou estranxeira.

d) Calquera outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

e) Como entidade sen ánimo de lucro, os recursos obtidos polo GALP, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados.

24.2.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde o GALP os teña depositados, terán recoñecidas as sinaturas mancomunadas na entidade bancaria correspondente a Presidencia e a Tesourería, para a utilización conxunta deles.

ARTIGO 25º.- Das cotas e contribucións dos asociados.

A contía das cotas e contribucións dos asociados será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral que determinará, así mesmo, o xeito no que se farán efectivas.

TITULO VIII. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

ARTIGO 26º.- Da modificación dos estatutos.

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva, da maioría cualificada mínima dos 2/3 dos asociados, ou por imperativo legal. A convocatoria da Asemblea Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 5 días naturais para que calquera socio poida dirixir a Secretaría do GALP as propostas e emendas que estime oportunas.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos, será necesario o voto favorable dos da maioría cualificada mínima dos 2/3 dos asociados na Asemblea Xeral Extraordinaria de socios.

TITULO IX. SUPOSTO DE DISOLUCIÓN DO GALP

ARTIGO 27º.- Da disolución do GALP.

27.1.- O GALP Ría de Vigo- A Guarda poderá disolverse nos supostos seguintes:

- a) Por vontade dos socios, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto, e cos requisitos que determina o artigo 14, apartado h).
- b) Por sentenza xudicial.
- c) E polas demais causas que determine a lei.

27.2.- No caso de disolución, a Asemblea Xeral elixirá entre os seus membros a tres deles, para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, ostentando o de maior idade a Presidencia da mesma.

A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se existisen as mesmas. O haber resultante unha vez efectuada a liquidación darase a outra entidade non lucrativa subscrita na Comunidade Autónoma preferentemente no ámbito territorial do GALP, e que teña os mesmos ou similares fins.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondentes para proceder á inscrición da disolución do GALP.

En caso de insolvencia, a Comisión haberá de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.



TITULO X. O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 28º- Do Regulamento de Réxime Interno

O Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno do GALP estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

Dilixencia:

Juan Manuel Gregorio Vaqueiro titular da Presidencia, e María do Carme Muiños Pardavila, titular da Secretaría da Asociación ASOCIACION GRUPO DE ACCION LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) RÍA DE VIGO-A GUARDA, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 18 de novembro de 2022, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Vigo a 18 de novembro de 2022

María do Carme Muiños Pardavila
Secretaria

Juan Manuel Gregorio Vaqueiro
Presidente

